

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia

Guía docente

Título superior de deseño

Especialidade: Moda

Disciplina: Comunicación audiovisual

Índice

1	Identificación e contextualización.....	3
2	Descrición da disciplina.....	3
	2.1. Descritores.....	3
	2.2. Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.....	3
	2.3. Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación.....	3
	2.4. Metodoloxía.....	4
3	Obxectivos.....	5
4	Competencias que se desenvolven na disciplina.....	5
	4.1. Competencias transversais.....	5
	4.2. Competencias xerais.....	5
	4.3. Competencias específicas da titulación.....	5
5	Organización dos contidos.....	5
	5.1. Contidos.....	5
	5.2. Organización.....	6
6	Procedemento de avaliación.....	6



1 Identificación e contextualización

Datos da disciplina					
Escolas	EASD Mestre Mateo				
Web escolas	www.easd.es				
Mail escolas	escola.arte.mestre.mateo@edu.xunta.es				
Materia	Linguaxes e técnicas de comunicación e representación				
Disciplina	Comunicación audiovisual				
Carácter	Optativa (Op.)	Tipo	Teórico-práctico (T.P.)	Duración	Cuatrimestral
Curso	4º			Créditos ECTS	6
Horas de clase semanais	4				
Horas de traballo non presencial	72				
Horas de tutoría	6				

2 Descrición da disciplina

2.1. Descritores

- Da prehistoria do cinema ao cine moderno. Evolución histórica dos medios audiovisuais e cinematográficos. A comunicación e a prensa dirixida ao mundo da moda.
- Elementos da linguaxe audiovisual (secuencias, escena, escala de planos, ópticas, movementos de cámara, narrativa cinematográfica, etc.)
- Os xéneros cinematográficos. Diferencias entre xénero e estilo. A moda dentro do cine.
- O guión audiovisual. Fases de elaboración e desglose de produción.
- Caso práctico dunha produción e rodaxe dunha produción audiovisual ao redor da moda e o deseño. Promoción e mercadotecnia dun produto audiovisual dirixido ao ámbito comercial do deseño e a moda.

2.2. Relación con outras disciplinas de contidos progresivos

Esta disciplina non ten relación con outras de contidos progresivos pero si está relacionada directamente co módulo de estilismo escénico e se poden establecer sinerxias e colaboracións entre ambas dúas disciplinas nas que o alumnado debe participar.

2.3. Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

- Coñecer o eido do audiovisual e a súa interrelación coa moda.
- Coñecer as especificidades da linguaxe audiovisual.
- Valorar a importancia do vestiario nos proxectos audiovisuais.
- Elaborar pequenos proxectos audiovisuais en torno á moda.
- Participar na promoción e mercadotecnia de produtos audiovisuais no contexto comercial do deseño e da moda.

2.4. Metodoloxía

Actividades introdutorias

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

Exposición maxistral

Explicación por parte do profesorado na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.

Prácticas presenciais

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partires dos contidos teóricos.

Prácticas non presenciais

Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.

Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.

Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.

Actividades de avaliación

- Formativa.

- Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.
- Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.
- Sumativa.
 - Comprobar si se adquiriron as competencias previas.
 - Establecer balances dos resultados.

Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.

3 Obxectivos

Acadar as competencias transversais, xerais e específicas da titulación durante o desenvolvemento da disciplina.

4 Competencias que se desenvolven na disciplina

4.1. Competencias transversais

T.1. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.

T.3. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan ós obxectivos do traballo que se realiza.

T4. Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.

T.12. Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.

T.15. Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e do espírito emprendedor no exercicio profesional.

4.2. Competencias xerais

X.2. Dominar as linguaxes e recursos expresivos audiovisuais e a comunicación.

X.3. Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.

X.18. Optimizar a utilización dos recursos necesarios para acadar os obxectivos previstos.

X.20. Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación audiovisual e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.

4.3. Competencias específicas da titulación

E.M.5. Adecuar a metodoloxía e as propostas á evolución tecnolóxica e industrial propia do sector.

E.M.6. Fundamentar o proceso creativo en estratexias de investigación, metodolóxicas e estéticas.

E.M.7. Interrelacionar as linguaxes formal e simbólica coa funcionalidade específica.

E.M.10. Coñecer os recursos tecnolóxicos da comunicación audiovisual e as súas aplicacións ao deseño de moda e indumentaria.


E.M.11. Dominar a tecnoloxía dixital específica vinculada ao desenvolvemento e a execución de proxectos de deseño de moda e indumentaria.

5 Organización dos contidos

5.1. Contidos

- Evolución histórica dos medios audiovisuais e cinematográficos.
- Elementos da linguaxe audiovisual.
- Os xéneros cinematográficos.
- Preproducción audiovisual.
- Producción audiovisual.
- Postproducción audiovisual.
- Mercadotecnia audiovisual aplicada á moda.

5.2. Organización





6 Procedemento de avaliación

A ensinanza é de carácter presencial e asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por ano académico, ordinaria e extraordinaria.